

Circular Marzo 2019

2019-03-06

PECHES CONTABLES DO EXERCICIO 2018

Unha vez feita a declaración e resumen de IVA, así como o modelo 347, vamos proceder os peches contables das sociedades. Para o cal iremos comunicando o resultado que queda na contabilidade e os axustes realizados para presentar as contas anuais e o imposto.

RECORDAMOS A OBRIGA DOS AUTÓNOMOS DE INCORPORARSE O SISTEMA RED A PARTIR DO 01-10-2018

Para aqueles que aínda non o fixeran recordar a obriga dos traballadores por conta propia ou autónomos de incorporarse dende o 01 de Outubro o sistema.

REALIZACIÓN DE INVENTARIO POR PARTE DAS EMPRESAS:

Recordamos que as empresas deben de facer o INVENTARIO do ano pasado a data 31-12-2018.

SUBVENCIONS: AUTONOMOS, EMPRENDEDORES E OUTRAS

Xa saíron algunhas subvencións, e xa se anunciou que entre xaneiro e marzo saírian as demais subvencións. Entre elas saíron as de todos os anos:

SUBVENCION DE AUTONOMOS:

- *Ser demandante de emprego.

- *Periodo subvencionable: as altas na S.Social que se formalicen dende o 01/10/2018 ata o 30/09/2019.

- *Cuantía: 2.000 a 4.000, podendo incrementase nun 25% máis en función do colectivo.

SUBVENCIONS CONTRATACION:

Axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida de persoas asalariadas.

Persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais pola primeira, segunda e terceira contratación que realicen con carácter indefinido durante no seu primeiro ano de actividade.

Para maior información contactar con nós.